

A NOSA TERRA

IDEARIUM DA IRMANDADE DA FALA NA GALIZA E NAS
COLONIAS GALEGAS D'AMÉRICA E PORTUGAL

ANO MCMXX



SUMARIO

O Héroe da Raza.—Discurso de Ramón Cabanillas.—A Espasión de Alvaro Cebreiro. As novas correntes politecas da Galicia, ARTURO NOGUEROL BUJAN.—As Uñas do Demo, CONDE DE BERTIANDOS.—A trascendencia do noso movemento.—Irlanda.—Leonardo de Coimbra, JOHAN VIQUEIRA.—Escoita, tí, literato rico e vanidoso, CASTELAO. O inri d'a politeca hespañola.—A millore porpaganda, RAMÓN VILLAR PONTE.—O neno é así..., RABINDRANATH TAGORE.—PENEIRANDO.

PREZOS DE SUSCRIZÓN.—NA CRUÑA, ó mes 40 cts.; FORA trimestre 1'50 pts., — AMÉRICA, trimestre, 2 pts., — Custe d'un número, 15 cts.—Pagos adiantados.

Redaición e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, CRUÑA.

A DIPUTADO POR VEIRAMAR

NOVELA DE GONZALO LOPEZ ABENTE

Esta interesante e modernísima novela en idioma galego, está posta a venda nas principales librerías de Galicia.

Precio, 3 reás.

VÈNDESE:

NA CRUÑA, Ademinstación «A NOSA TERRA», e IRMANDADE DA FALA.—FERROL, Librerías de Comadira e de Gerardo Castro.

EFFECTOS NAVALES

— DE —

FERRER Y COMPAÑIA—SUCESORES

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e A Cruña

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

Gran H. Universal

Rua da Reina (da Raia) 21—LUGO

O MAIS NOVO E MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todolos trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Leutores:

Quen queira ter un traxe bo, xeito e que lle coste pouco diñeiro, que o faga na Xastrería de

Xosé Varela da Costa

Rúa do Circo, 16—VIGO

LA SALUD

CASA DE BAÑOS

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

J. SOUZA

SUCESOR DE LAFUENTE

SUCURSAL DO DEPÓSITO HIDROGRAFICO

PAPELERÍA E LIBRERÍA

Ouxetos d'esquertorio, Dibuxo e Pintura. Postaes, Aparatos de cencias. Artigos de coiro. Ouxetos pra regalos. Fotografiado. Tricromia e Catrómia. Osteoloxia, Anatomía, Geoloxia, Historia natural. Grabado.

Cantón Pequeno, 13.—A CRUÑA

M. VILLUENDAS

IMPRENTA

IMPRÉNTANSE TODA CRAS DE TRABALLOS FINOS.

BETANZOS (CRUÑA)

FARMACIA EUROPEA

— DE —

LOPEZ ABENTE

— REAL, 55 —

A millor surtida da Cruña e un dos establecimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arreglo o derradeiros adjuntos.

Hotel Continental

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

M. Losada Prado


A CRUÑA

LLOYD REAL HOLANDÉS

AMSTERDAN

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Servicio rápido por vapores-correios desd'a Cruña e Vigo cada tres semanas.



Linea d'América do Sur
Vapor correo rápido «LIMBURGIA»
Id. id. id. «BRABANTIA»
Id. id. id. «GELRIA»

Admiten pasaxeiro de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.
(A prazas teñen que solicitaránse con anticipación)

Linea de Cuba-Méjico e Nova Orleans
Vapor correo rápido «HOLLANDIA»
Id. id. id. «FRISIA»
Id. id. id. «ZEELANDIA»

Informarán sobre precio de pasaxe e cabida

D. Raimundo Molina e Couceiro,—Consinatario na Cruña e Vigo.

A NOSA TERRA

BOLETÍN DECENAL

ANO IV - NÚMERO 129 - 5 OCTUBRE - 1920

O HÉROE MÁRTIR DA RAZA



O 12 d' Agosto, como é sabido, fixeron prisioeiro as autoridás inglesas ó alcalde de Cork, Mr. Swiney, condenando a dous anos de cadea por ter pronunciado un discurso na defensa do seu país e gardar documentos comprobadores.

O alcalde de Cork negouse a probar sustancia, mentres o non ceibaran do cárce. Mais d'un mes pasa en aúñas. Foi inútile tanto fixeron os seus guardas para ll'obrigar a comere. Así ian pasando as xornadas d'anguria e agunía. Así o novo Cristo da raza céltiga, rubeu o calvario santo da areada redenzón.

A fe, cando non o milagre, fixeron notábel a sua resistenza física. I-un povo enteiro, povo irlandés, pregou ó ceo pol-a sua salvación. Todolos povos celtas, irmáns do povo irlandés, deitaron bágoas d'amor e delore pol-o alcalde subrime cuia grandeza é díña do poema heroico. I-o mundo civilizado pasmou d'admiración ante o xeito sublime e inequesciente do groriozo Mr. Mac Swiney.

Meirande que todolos mariscaes e xeralísimos dos exércitos que loitaron na derradeira gran guerra, é este mártir irlandés que agora cand'o o mundo s'abala chantando nun lamal d'egoismos noxentos, ven provarnos que nada ten a forza se greda e mística da «chamada da terra». O alcalde de Cork é un irmán noso de Raza. A sua lembranza ha ser eterna no agarimo da alma dos nazionalistas galegos.

A SAUDADE NOS POETAS GALEGOS

DISCURSO DE RAMÓN CABANILLAS

Señores académicos:

Somenteis El Señor, que sabe como é de cativa e perniciosa a miña horta seca, está o tanto de meu suar a fío no medio das uces bravas e dos carrascos rasteños, arredando fentos e toxos, en precuro d'unha rosa i velaiña que ela fose! co a que presentarme diante de vos a cumplir a miña oferta, a faguer o pago, obriga de dereito e devocion do costume, d'este foro espiritual no que somos rendeiros cantos vemos honrada a nosa proba, por mercede de vosa cortesía fidalgia e da vosa bondade acariñadora, c' o agasallo prestixioso d'un asento ó lume no fogar esgrevio onde se ergue, sempre aceasa e alumante, a fogueira sagra do mais enxebre amor á Terra, o amor que limpia e vela os groriosos saiales remendados dos inmortaes pelegrinos do noso Ideal e as batidas armaduras, que os séculos cubriron de poeira, dos seus nobres e valentes cabaleiros, o amor que se axoella diante das pedras de santidade que nos cumes e nos vales, nos mosteiros e nos pazos, nas ermidas sinxelas e nas solemes catedraes, cantan o esforzo de unha raza, o amor que abrillanta e pule n'un traballo escuro e silenzioso, mal agradecido cando non dado a esquecemento, os decires manios, os berros pregantes e bruadores, as verbes milagreiras da nosa Fala, d'esta Fala voadora que sabe como ningunha das inquedades segredas, das divinas saudades vigorosas...

Cavíoso e sin acougo, que enriba de trafegos obrigados traguianme as horas súpetos dores neboontos, desmaiaba na cubiza e no rebusco cando unha alma compasiva, irman n-estas arelas de retrauto e renacencia que fixeron niño nos peitos xenerosos da mocedad da patria, puxo na miña man «Os poetas lusiadas», de Teixeira de Pascoaes: páginas novas ás que agardan días de eternidade, libro tocado da gracia e froréido, como unha roseira de milagre, en rosas de todo tempo.

Abréuse o meu corazón a un sentimento ducísimo e lumioso, e namorado do seu feitizo esgalléi, pecador, unha ponliña da roseira. Prantéina na hortiña probe das uces e dos toxos, cairon sóbor d-ela as raiolas douradas do Pasado, bicárona os ventiños leviáns do Porvir, reguéina co-as augas cristalinas do noso lirismo orballado de bágoas, e na ponla callón un pensamento.

Cando a branca pombiña do noso Sant Graal, menaxeira da Espranza divina, baixa do ceo lumioso a renovar o Misterio, chega tamén arenta e cubizada de apagar na terra—onde deita en silenzo a fonte da Lembranza,—a súa sede eterna de renacencia e creación. Este é o significado místico e milagreiro da Saudade.

Voando más polo baixo, a Sandade e a forza crada, en remanso, do Recordo e a forza creadora e puxante da Espranza, superadas no tempo; o Pasado e o Porvir, a Evocación e o Deseio, irmados nunha fervenza relixiosa, camiñando pol-as ribeiras do Misterio en precuro d-un mais alá de arelas do corazón e da intelixencia. Cubiza do lonxe, presentimento do que está pra chegar, arela d'un ben perdido, lembranza dunha luz que nos firéu na vaguedad d'un soño, desasosego de encadedo, inquedade dó que loita por abrir as aínas para camiñar polo azul, a saudade e o molde que dou forma ó noso lirismo.

Añou e Rosalía chamaronlle «soidade», a modo dos cancioneiros e d-El Rei D. Diniz de Portugal, Pondal

dixo “suidade” e Lamas, que nomeu un dos seus libros «Saudades Galegas» faló tamén de «soedade» aunque sin dúbida no significado de saudade:

¡Ay que martirios sofro na terra!
¡Ay que soedades tan fondas teño!

O enraizamento da palabra é fondo. O do sentimento está na freba das almas e dos corazós.

Anque a Saudade pelegrina por todolos camiños do Arte, e a Música é sempre saudade esgrevia, o maior cumbe de expresión e de nobreza adquireo na Poesía. A alborada hino de adoración a El Señor na súa gloria, o mesmo que a cantiga da calandria voando en circos cara ó ceo, envolveita na dourada craridade dos raios do sol nacente, é a Sandade-Lembranza saíndo o encontro da Divinidad, e o alalá, tristura de amor de amar, pregado a bocanoite, namentres voa no vento que se dorme o tanguido solene e vagaroso das campaiñas que chaman a oración, o mesmo que reiseñor namorando do laranxeiro froréido, é a Sandade Espranza abrangundo nunha aperta de amor o Recordo que a enxendra; mais, a Poesía, por riba de todo eso, é a ollada a Beleza do íntimo, a do fondo segredo das cousas, e a voz milagreira que di o noso sentimento diante de Dios.

Pol-o que fai á nosa poesía lírica é de tal maneira e en tal medida filla de Saudade que ben se pode xurar que sia alma galega non estivera tecida c-os seus fios Galiza non tería poetas. O noso lirismo vive na verba saudade como n-unha boliña de cristal, prisioneiro de encantamento.

A súa executoria arrinca do vello. Viva e latexante, acesa e arumada, barbullia xa nos beizos bicadores dos nosos docísimos troveiros mediovaes e amóstrase, logo, crara e lindamente dibuxada, dende os comenzaos d'este consolador rexurdimento dos nosos días, nos poetas xuzados como precursores.

Tan noso é este lirismo que os que nos miran de lonxe, sin decatarse da virtude segreda d'esta saudade vigorosa, escada das nossas arelas e cabezal dos nosos soños, fai tempo que andan perguntando si a gaita galega ríe ou chora. Somenteis a ollada serea de D. Miguel de Unamuno axéou un instante, o través do velo sagro que cobre o noso altar: foi él o que dixo que dos mesmos verdores da nosa campía, ridente e garimosa cando se mira de pasada, surde, n-un són acompañalo, unha queixa resiñada e mimosa, porque estas terras do poniente da Europa, estas terras de Irlanda, de Bretaña e Galicia, onde viven os pobos célticos, con gaita ou sin ella estanse sempre queixando, c-os ollos cravados no mar onde parece que se lles perdeu algo, que él sospeita que é a Atlántida afundida no misterio das augas. Escoitade o docísmo sentimento, as verbas elexíacas que lle inspira a interpretaciou da Sandade, das nosas rías: «Ese mar, que alí se agacha, antre os brazos verdecentes da terra, non é que precura n-eles un ben lonxano que chora perdido ou o maino esquecemento do seus dores tormentosos? Ali, a carón da súa dona eterna, dorme o soño. E poida que arele tornar a ser río, río homilde, recollido e remansado; poida que soñe c-os seus días de neno. ¡Quen sabe! Tal poidera ser que aquela meiga ría de Arousa esteia soñando c-o Ulla que lle rinde as súas

augas e-o probe Sar que cantou a probe Rosalía. Todo elo non é mais que unha sede; a sede que ten o mar das doces augas do ríos que baixan dos cumes, aquela sede devoradora, nunca apagada, que Rosalía sufreu...» Veháhi o desejo de retorno á edade primeira: «O mar quere ser río...! Forza invencible do Recordo e divinas arelas da Esperanza divina, que xa que Dios é a nosa eterna Esperanza tocada ten de estar de divina virtude a súa filla mais nobre, a divina Saudade!»

Reparemos na súa sagra labor. A Lembranza, esto é o tempo espindo os feitos da materia apodrecida, limpándose do lixo terreal para arrincarlos a barrente figura e trocalos en visión resplandecente en Beleza radiante. E a Esperanza vestindoos de azul estrelecido, erguéndoos no espazo, cubrindoos de Infinito e de Eternidade.

De Teixeira de Pascoaes son estas bervas xustas e nobres: «O Portugal de Camões, a Galiza de Rosalía, a Catalunha de Maragall sao os Reinos da Saudade». Con Teixeira, Unamuno, antre os nosos Viqueira e Risco, cantos afondaron na nosa alma, téñeno por certo.

Mintan o que queiran os ollos engañadores, o corazón dinos aos galegos que o Miño non é un río qua sopara sinón unha ponte de amor que abraza e axunta, mais é do caso señalar unha diferencia que se atopa antre a saudade portuguesa e a saudade galega. A saudade da outra banda do río é mesianista. A arela de rexurdimento e redención de Portugal voa ó longo das ribeiras da patria en axexo da volta do Encuberto. O Desejo encarnou: D. Sebastián, na frase velida de Teixeira, é o «corpo heróico» da Saudade. A nosa por riba de todo, é Saudade da Terra, saudade do fogar, da campía verdecente, do ceo neboente, do curuto hiato, da choiva miudiña, da campana da aldea, das oliveiras escuras, da vella parede ensilveirada, do recuncho sombrizo da carballeira, da lúa que se pon detrás do pinhal... ; saudade da lareira e do agro, saudade bendita que temos de pedir a Deus que nol-a conserve e acrecente desde ó fin das edades.

Foi por esto, e porque Saudade camiña de costas e vai para diante mirando para atrás, polo que poida decir Castelao, con fondo acerto, que os galegos temol-a luz da Esperanza enriba do pazo ou da chouza en que fomos nados

Ven de tan fondo esta nosa saudade da Terra que ó deixar os eidos nativos, ó alonxarnos mundo adiante, a Lembranza esvaida e a Esperanza sedenta, desxngadas, feridas de mal sin consolo, sin toparse, magoan o corpo que cai murcho e frebento com-unha rosa da rexión das neves, trasposta na terra ardente dos países de sol bravo. Entón surde a Morriña que é a mesma Saudade fisicamente doorosa:

Lonxe da terraña,
Lonxe do meu lar,
¡Que morriña teño!
¡Que angustias me dá!

Angustia, anguria de morte, dor tan sin sosego que o poeta quere verse no seu chan, baixo o seu ceo, janque deitado en ortigas!

Parexa co-esta saudade do Ermo, erguese, forte e solene, a saudade da Raza. A alma galega afundida na Lembranza do tempo vello, tornando ó frescor das mañáns primaveraes da risoña mocedad, veu nacer, antre as brétemas do pasado, a Esperanza, como ningunha benquerida, de reconquerir o amor da nai Natureza, leda na súa humildade, deitándose no seu berce, fitando ó sol con ollos de meniño, nunha vida sin cadeas. Non de outro xeito os fillos de Adán, ó lembrarnos do Paraíso perdido, abrimos o corazón ó desejo d-un Paraíso futuro, que os crentes ollamos no ceo e os espídos de fe coidan coidan alcantar na Utopia.

Esta saudade da Raza ditou aquela estrofa de amor fraterno:

A nobre Lusitania
os brazos tende amigos...

A saudade da Raza e a saudade da Terra, entrenzadas, pol-a soia virtude do xuntoiro, pol-a travé das súas arelas, pol-o casamento dos seus sonos, enxendran a saudade da Patria, que val o mesmo que saudade de redención. Ven de eíqu que ó recordo do noso pasado céltico, libre e sinxelo no seo da natureza mimosa, mais querido por mais lonxanos, arelemos con alma e vida á libertade da nosa Terra.

Na vigorosa brétema das evocacions pondalianas, nos sons maxestosos e proféticos da súa arpa bárdica, forzada nos tempos lonxanos en que platicaban en rueiro os homes e os dioses, a saudade ten a inquietude e o devagar aventureiro que nos deixaron en herdo sagro nosos loiros abós prehistóricos.

Mais a aqueles que punza
A fatal lei do canto
Cal todo que no mundo
Anda peregrinando.
Non intentes detél-os vagabundos
Que son aves de paso.

Esas aves que lle dan en vexa, esa aves que, cubizosas do lonxe,
... van en ringleira
gritando e voando
en demanda de illas Sisargas
sen noto reparo,

Vede con que fonda piedade grava a súa ollada se-rea e vigorosa no desterrado sin fortuna que vai polo mundo en precuro de amparo, n-ese probe medicante que atopamos as veces xa na verda reial runxido polo sol, xa no fondo sombrizo da corredera, n-ese pelegrin misterioso quo estivo en Xerusalén e en Santiago, que conoce todol-os camiños e durmío en todol-os palleiros e que sabe esos exemplos arrepiañantes de malos pecados de luxuria e de sacrilegio que somentes lle e dado perdoar ó Padre Santo de Roma. Diante del-es, a súa voz antiga ten unha dozura impoñente:

¡Parece un pino leixado do monte!
¡Parece botado do mar de Niños!

Visión e forza, aguia e lión, lendo craramente no porvir, á súa poesía e forte e sereamente profética, chea de fe nos outros destinos da Raza:

A luz virá para a caduca Iberia
dos fillos de Breogán.

E a dóce Estramil das terras bergantináns, deixa oubir o xurdío canto loitador:
¡Levántate, apréstate,
oh Celtia xentil!
¡O tempo e chegado
do arco brandir!

Esta vagnedade enfeñizadora, este voar no azul, este ir e vir o longo da Eternidade, ten carne e hoso en Lamas Carvajal. A nova Galicia, loitadora pol-a saú liberdade, vibra n-el forte, rexia e varil. O canto ó Pico-Sagro remata co-esta estrofa valente:

Monte sagro inmortal, o mais ergido
de todos cantos ten á nosa terra
denantes que este pobo sea vencido
volverás á escutar cantos de guerra!

N-un fermoso soneto, a arela de liberta-de xurde tráxica. Querer á Galicia celibe.

¡Que mellor e morrer que confundida
Vivir co-a que e pra tí como extranxeira!

No que se laia da morte do Mariscal Pero Pardo, érguese co-a man pechada:

A sangué do infeliz Pardo de Cela
Crama venganza á Dios pol-a inxusticia
¡O que a fixo verter ten que bebelá...!

Curros e unha corda aparte na nosa lira. Loita por cantar o Porvir enterrando ó Pasado; mais, non pode.

A Saudade manda en nós. Temos de camiñar diante d-ela como as nubes levadas po-los ventos. Temos de ir empurrados de amor invencible e-o que nos domea. En unha lumía misteriosa, de encantamento: nin atados, como Uises, poderíamos negarlle á obediencia.

Vede o namorado troyeiro da «Virxeu do Cristal», magoado de lembranza saudosa:

¿Por qué cando profético levanto
o porvir os meus ollos tristemente,
fireme o seu remordimento xordo
e dos pasados tempos me recordo?

El mesmo, leial ó sentimento que chama as portas do seu corazón, danos axiña a mais nobre das respuestas:

Medoña queixa espállase no vento.
por eidades e vilas a redonda,
que inda zoa con tanto sentimento
como na praia cando toupa a onda.

Ese triste queixido, ese lamento
d-alguén vos sal que sofre pena fonda...
¡E o pasado que morre! A lira daimé
e si canto ese morto perdoname.

Mais ese triste queixido, ese lamento, non e o pasado que morrre. non non, E él tamén quen o confesa mais adiante, tocado da variña milagreira da divina Saudade:

Eu dun tesouro sei que esta olvidado
e pra sacalo a luz a terra furo
...
s-o tempo e sempre o mesmo y-agarrado
vai o presente o que pasón. seguro...

E ven, de camiño, o reconocimento por enteiro da forza creadora da saudade da Terra, de poderio do chan nativo e do influxo no moldeamento das almas. N-aquel seu docísimo canto as belezas da Cruña, relixioso e levantado com-unha profesión de fé, despóis de decir que non foi a li de Tirteo sinón sóbor das ondas rizas do Orzán onde deprendéu a estrofa xurdia e fera da liberta-e que os pedrouchos das súas illas lle donaran alma ardente e de firmeza, abre ó seu peito saudoso e, arrincada do mesmo corazón, pranta esta rosa de cariño e santidade no xardín da cibdade amada:

¡Tí fuches quen me falaches
de estrana maneira mística
d-este santo amor da patria
que se sinte e non se esprica!

A alma galera do noso Curros vivirá para sempre n-esas catro liñas. A Terra falándolle do amor a Patria de extraña maneira mística. ¡D-esta extraña maneira mística que e a maneira euxebe e milagros da Saudade!

E chego a un punto no que se me encolle o corazón e o pensamento esváiseme, afundido na grandeza, na imensidade d-un nome.

obe Para voar hasta Rosalía e méster cóncel-os camiños do ceo.

Dempois de catrocentos anos de silenco e de recollimento interior, a alma de Galicia, saudosa de amostrar toda a beleza que garda, encarnou n-Ela.

Cando ó porvir envolva en néboas os nosos tempos e as cousas e os nomes se esbarallen na lonxanía, as novas xentes daranse a cavilar que a súa obra, chea de eternidade, e o traballo escollido de centos de corazós ardendo diante do mesmo altar.

O dia que á Morte, pousou a gadaña en «Follas Novas» soupe de dores que non vira e reparou en que, un por un, lle contaran os hosos.

«Follas Novas» e o poema Saudade. Con todo, non e un libro para leer; e un libro para rezar, por que Rosalía esquirben más para que Diós a oira que para que a escoitaron os homes

Todolos padecimentos de amor verteron n-él unha pingota de sangre, e ali astán, roxas e acesas, como n-un cáliz que gardase o corazón latexante da nosa Terra.

A Saudade, divina Saudade, foi a que forxou aquel cravo de ouro, de ferro ou de amor, que o ferir o seu corazón fixoo frorecer n-aquela rosa mística eternamente louzana:

Mais vé que o meu corazón
é unha rosa de cen follas
y e cada folla unha pena
que vive apegada noutra.

Quitas unha, quitas dúas,
penas me quedan de abondo;
hoxe dez, mañán corenta,
etras breydesfolla que te desfolla...

¡O corazón me arrincaras
desque as arrincaras todas!

A Saudade levouna no seu colo, tan alto, tan alto,

que xa non vé terra.

Xa nin rencor nin desprezo,
xa nin temor de mudanzas;

tan só unha sede.. unha sede

de non sei qué, que me mata.

A Vida e a Morte abrázanse n-Ela, suspensas de alcontrarse pechadas no mesmo camarín.

Mortos e vivos, en xuntanza saudosa alentamos n-unha tranquía é doce irmandade. O cimiterio, que xa non é ausencia, ten a quentura do fogar e n-él xogan os neniños, cantan os paxaros e practican os canónegos vellos, sentados o sol. A terra ridente trunfou da Vida e da Morte. A Saudade levantou os marcos de todolos lideiros e, o seu bico amoroso, as almas reencarnaron:

De Galicia os címiterios
c-os seus alcipreses altos
c-os seus olivos escuros
y-os seus homildes osarios,
todos de frores cubertos,
frescos com-os nosos campos,
...
cheos d-un grande sosego
parés que nos dín: ¡Duramos!

Dos vivos amigos sodes
mortos que ali tés descanso.

Visitanyos cada día
falán con vosco rezando.

e jastra mañán! se despiden
de vos, para o seu traballo.

Non seguiréi Leia quen podia. Leia e rece c-os beizos pechados, deixando que o corazón entrence, c-os raios de luz sinconte que dorme en cada rima, a escala do seu camiño de Eternidade.

Diante de Rosalia voan as subrinos palavras do cántico divino: »Ecce enim ex hoc beatam me dicent omnes generationes...»

No ceo e na terra, libres ou escravizados para sempre, para sempre, para sempre, Rosalia o e «corpo santo» da Súaude Galega.

Finadas estas páxinas homildes, réatamo por testemuño, obedecendo mandados do corazón, da miña gratitud os nobres compañeiros que, alzándose en mais do que eu son, foron servidos de faguerine a honra e a gracia d'un asento a sua veira, e, coeles, os fidalgos señores d'esta casa galega de Mondariz que oxe nos acolle e-oa xentileza e o amor que un morto esgrevio lles deixou en Oerdo espiritual.

Un solo laio queda no meu peito, fillo do dor da ausencia do Mestre glorioso, do que n'este Instituto é cabeza visíbre e alma dirixinte. Cheguen astra él, co-a miña respetosa reverencia e fonda devoción, en homenaxe de xusticia, estas palabras alleas pol-a súa pruma lembradae n'unha páxina inmortal: «Filho de Galicia, lendo a súa obra deprendín que tiña unha Patria.»

NA «IRMANDADE» DA CRUÑA

A Esposición de Alvaro Cebreiro

Dixerá o xenial e nunha chorado d'abondo Lois Porteiro, n'unha notable conferencia que pronunciara con motivo da primeira Esposición de Imeldo Corral, na Cruña, que as *Irmundades* eran o verdadeiro e único solar da cultura galega. Pois siguen sêndo desde entón para sempre.

Non houbo artista que pidira axuda das *Irmundades* que non'a atopara de contido. Inda a d'Ourense acaba de imprentare o formoso libro de versos «Do Ermo» de Noriega Varela. A de Betanzos fixo un concurso d'obras teatraes. Estas y-as más sociedades irmáns protexeron todal-as manifestacións de galeguismo, feitas na nosa Terra desde fai un lustro. I-a *Irmundade* da Cruña, rexistra no seu hestorial páxinas tan brillantes como as das Esposiciós d'Imeldo Corral i-a de Castelao.

Agora recadou un novo loureiro co'a de Alvaro Cebreiro que állase aberta nos seus salóns.

Alvaro Cebreiro, é un rapaz xenial. Dezasete anos conta ainda. Mas a sua cultura literaria e artística xa é grande. Fixo versos en castelan e galego dignos d'alau. Ten unha sensibilidade para as Belas Artes, admirábel. Ten unha agudeza de xuicio propia d'un espírito na naturidá.

«Víchedes as trinta obras que espón na *Irmundade*? Pois a maoría d'elas parecen non d'un principiante, senón d'un home xa cortido na arte do debuxo. E elegante na liña. Seguro no manexo da pruma. Orixinal no xeito de debuxare. Pol-o bó gusto é un refinado. Pol-a inspiración un poeta. Se non trata d'un mocío a quem haxa que loubar pol-o que promete. Nen d'unha precocidade, que por precocidade sinxelamente mereza gabanzas. Alvaro Cebreiro comeza como un mestre, talmente.

E poderíamos dicírse sen hipérbole, que, no senso de caricaturista, non fai cativo papel ó lado de Castelao e Bagaría, os millores da Hespaña. Como caricaturista ten Cebreiro un lumioso porvir aberto. Como debuxante moi moderno, o mesmo. Nosa émbora ó querido irmán.

DA NOSA IDEOLOXÍA

As novas correntes políticas d'a Galicia

(CONCLUSIÓN)

que gallego solo lo habla la gente bixa: los obreros, los labradores, las criadas...!, o que e o mesmo que se dixeran: «Non ves qu'en galego fala a xente que produce e paga os trabucos y-en castelan debemos falar os que vivimos a conta d'os mais pra que a toda hora se lembren d'o mandamento d'embargo con que os deixamos por portas, do recibo d'o consumo con que s'acaba o labrego, e de que non poderán xuzgar por si mesmos cal será o eirito d'a sua libertade por estaren as leises con qu'os entrallamos, esquirtas na lingoa que nos sinten falar e non n-a que iles falan?» Agora ben; non esquezan os que así descurran que dinantes que o III Congreso Panruso d'os Soviest, imitando a San Paulo, condenare a a non comere ós que viven n-adumia, d'a nugalla. xa o povo galego dixera con cabeza: «N-a terra d'aquil home o que non traballa non come.»

A esa falsa idea de superioridade débese o que algúns obreiros aburguesados, afotos de favonexar y-abrayar ós seus compañeiros con unha cultura de quincalla, deran n-a temia de falar en castelan nos mitis. ¿De qué se leva esto ademais? Pois de que ditas persoas aburguesadas, de non po ler meterse a tratantes en trauquilida pública—como algúns parlamentarios socialistas—queren cando menos co-a sua lería, falando de prestado, que digan d'iles: «Homes coma iste non nacen ó pe d'un fento.»

A tal hora lémbrome da escena d'o *Lindo Don Diego* en que tratando de facer tragiar unha condesa envolta n-un estropaxo, lle di o Mosquito á criada Beatriz que severa a maneira de falar pra que o Don Diego a tome por condesa e pra elo si este lle pergunta como está lle conteste: «Eu garatusa, libidinosa, crédula y obtusa»; e cando a criada lle pergunta ó Don Diego: «¿Qué intento os lleva neutral—a mis coturnos cortés!» escranna iste: «¡Jesús, enal habla! Esto es—estilo de sangre real.»

En castelan falan os zaches d'o povo, todol-os lacaz's, os que queren acadasmar á ceifa nazionalista co-a política aburguesada e vergonhosa de «el regionalismo bien entendido»: y-en galego fala a xente que traballa, a xente que produce, a xente que paga os trabucos y-as rentas, a xente que da os seus fillos pra Melilla, todol-os que non teñen a menos ser fillos de Galicia nin falar como fala a xente de ben que nos manten mentras ela traballa de sol a sol y-o pasa mal: «o proveito d'a terra é pra todos: o rey mesmo está suxeto ós agros. (Eccl. C. 5, 9.)»

Prós nazionalistas galegos a desconcentranza y-a de xuntanza ademanistrativas non son fis senón medios, ant'os que, o problema de monarquía ou república non ten importancia. O de importancia pra nos, y-esto non debe esquecerse, e crear a cultura atlántica libertando o espíto nacional d'a cultura mediterránea.

A vida non é uniforme, coma endenal a queren facer algúns, senón variada: un arco da vella con moitos colores e cada Nación é un matiz d'a Humanidade y-a labor que os nazionalistas arelamos facer consiste en que se destaque ese matiz co-a mais intensa persoalidade.

ARTUBO NOGUEROL BUJÁN.

LETRAS IRMANS.

Lênda

AS UÑAS DO DEMO

O forasteiro que, chegando a Ponte do Limia indagara as curiosidades da terra, ouvira mentar antre elas a das *uñas do demo*; e, se tuvera empeño de examinar a infernale maravilla, non perderá o tempo; que, pra chegar ao sitio, ten de percorrer o caes, do qual irá gozando un dos mais encantadores panoramas. Cando vaia camiñando absorto na contempración do río e da margen fronteira dira-lle de súpito o guia, apuntando a unha lage da calzada: —E esta; coidado, non-a pise; que sería eso de mal agoiro.—E verá enton na pedra indicada unhas concavidades, onde podería ajustar-se unha grande mau dereita.

.

Unha tarde, fai moitos anos dobrayán os sinos da vila, e corria de boca en boca a nova de que finára n-aquel dia un célebre escribano. Quen observase atento o sembrante dos que davan e ouvian a nova, facilmente convencerían-se de que o home non deixava saudades. Os grupos de passeantes, que a esa hora estanciavan pol-a ponte e alamedas viciñas, aproveitavan a ocasión para lembrar historias de grandes fazañas, que ennegreceran durante unha longa vida a fama do defunto, entre as que abultava a falsificación de documentos importantes, conque habian sido lesadas moitas familias honestas. N-as ruas tortuosas e humidas do interior da vila o mullerío cochichava ás portas, narrando esas mesmas aventuras, e condimentado-as de pragas, que na lingoa d-aquela gente ben denotavan certeza de que para alma do disgraciado non podian valer sufragios.

Apesar de tanta maldicións, e dos populares mais entendidos en particularidades da outra vida, afirmaran n-as lojas e n-as prazas que os despojos do escribano non debian ser enterrados en sagrado, non había remedio sinón darll-es sepultura eclesiástica, pois era certo que morrera no seu da Igreja, ao menos apparentemente.

Os frades franciscanos, que do convento do San Antonio apenas saian para edificar a vila con a sua humildade, non perderan o ensejo para, con novo exemplo de tan difícil virtude, ensinhar os orgullosos, que se esquecían d-unha das mais piedosas obras de misericordia; e ofreceran caridosamente a sua casa, para que n-ela dormise o eterno sono o oficial da justicia dos homes.

.

Ao cair da tarde do dia seguinte rezavan os frades o oficio de sepultura, e catro leigos afastando o pano preto que durante a ceremonia escondería a cova, descérían pausadamente o cadáver, cobrindo-o con terra, e tapando-o dimpois coa pesada lage. A pagaran-se as tochas, e os padres tristes e pensativos encamiñaran-se para as suas estreitas celas.

.

A media noite en punto foi toda a comunidade acor-dada por tres fortes argoladas, que resoavan pol-os claus-tros con desusado estrondo e demora.

Ergueu-se de salto o guardian; como impelidos por forza estrana, todolos padres ergueronse. Saindo aos longos corredores, ollavan-se amedoñados, parecendo adiviñar que algunha cousa extraordinaria ia pasar ali,

e foran seguindo até á portería, onde o guardian per-guntou para fóra quen era que a taes horas da noite bus-cava o mosteiro.

Respondeulle unha voz ben timbrada e forte:

—Reuni-vos todos na igrexa e abride-me as portas; é alí onde quero falar...

As portas, rangendo nos seus gonzos, abrironse de par en par, e apareceu no limiar un bulto; o seu ollar era tan penetrante, que os frades, atónitos, mal podian examinal-o e só doux irmáns leigos, que respeitosamente habian-se afastado, percibiran que o visitadore nocturno era un cavaleiro, traxea lo vestes de gala, mas escondendo difficilmente nas dobras da capa uns pés moi some-lantes aos dunha cabra.

Houbo un momento de silencio, durante o qual pareceu aos doux observadores que o desconocido, estremecendo ligeiramente, hesitava en transpor os humbraes. Foi instantánea aquela duvida, se a houvo; entrou, e con voz solemne ordenou ao guardian que fosse ao sacrario e trouxese a pixide.

Encamiñandose logo para unha capeliña, que fica junto á entrada, do lado do Evangelio, aproximouse da sepultura que poucas horas fora pechada, e, cravando as uñas na campa, levantouna sen esforzo, remegendo-a con impeto; agarrou á altura do peito o corpo amortillado, que se erguera hirto, virouno de bruzos, e, dando-lle grande murro n-as costas, fixo-lle vomitar a particula no sagrado vaso, n-esa ocasión traído pol-o vello religioso, que obedecéra ou como automato inconsiente, ou porque inspiración houbera-o obrigado.

Transmudou-se a figura do cavaleiro en bulto negro e terribre, e, abrazando-se ao cadáver, saiu pol-a vidreira que se fixo en astillas.

A comunidade, postrada diante do Santísimo, orava con fervore; mas os doux leigos curiosos, saindo ao adro, puideron ver con asombro que ambos os corpos, unidos n-unha sola peza informe, pasava voando por riba da cerca, e, tendo crestado un cipreste que rozaran, pederon-se do espazo.

.....
Na madrugada seguinte o pobo da vila juntaua-se en volta de lage, que os frades habian transportado de noite para o sitio onde hoje se encontra, e aterrado comentava o caso estupendo.

CONDE DE BERTIANDOS.



Desde agora A NOSA TERRA normalizará a sua marcha

Por dificultides opostas pol-as casas editoriæs, alleas á nosa vontade—inda sendo pagos os trabilloes que cu-corregamos puntualmente—A NOSA TERRA desde fai algún tempo non poido sair nas datas fixas que nós deseabamos,

Agora, por contrata feita c'unha nova casa, coidamos que ficará restabridida a normalidáde. Aos leitores e amigos que até oxe, dando probas d'amore á crusa da redenzón da Pátria, souperon dissimular as moitas irregularidades que sen culpa nosa sofreu ista revista, logo de lles testimoñar unha vez mais o noso agradescimento, por metemosllas que no adiante recebíran A NOSA TERRA co'a puntualidá que eles avelan e nosco avelamos tamén. Non esquezan que A NOSA TERRA é o úñeco boletín, orgo da cultura e das ideias enxebres que se publica na Galiza, non para faguer negocio—pois somentes sacrificios nas impón—senón para semental-as verdades redentoras. Axudal-a sempre, ten de ser o lema dos bós e xenerosos.

GALIZA REVIVINDO...

A TRASCENDENZA DO NOSO MOVIMENTO

Xa non é só en Fránsa, entr'os intelectuaes franceses, nem na Inglaterra, nem na Cataluña, nem no Euzkadi, onde a nova Galiza que ven surdiendo polo esforzo do nazionalismo das *Irmandades da Fala*, atopa ecos querendosos e agarimantes.

En Portugal, vánse abrindo todos os ollos para se decataren ben do movemento noso. E a mais dos intelectuaes d'alem—xa n'estreita amistade cos cabezoleiros do galeguismo—comenzan agora os xornaes lusitanos a falar da actuación das *Irmandades*.

No derradeiro número de A NOSA TERRA, temos publicado «Cartas portuguesas» que colmos das columnas de «O Popular» de Lisboa, orgão do partido republicano popular. Causa moi interesante. Pois hoxe achamos en outros dous xornaes, «O Comercio do Porto» e o «Jornal de Notícias» da mesma cidade, os seguintes comentarios que copiamos,

Di o «Comercio do Porto»:

«Galiza e Portugal»

A proximación com o noso país

E interesante observar o movemento de renovación espiritual que agita os meios intelectuaes da risonha provincia da Galliza e que comenzan a dar vida e interpretación ao pensamento galego en publicações literarias como A NOSA TERRA, ergao das *Irmandades da Fala* na Galiza e nas colonias galegas da América e Portugal.

As *Irmandades da Fala*, que preconisam a independencia local e individualista da Galliza, separada da Hespanha, apoiam-se na tradição histórica para reivindicarem uma cultura propia, que, traduzindo a vitalidade da ridente regiao gallega, tenda a aproximal-a de Portugal, ao qual se acha vinculada por laços indissoluvels de uma identidade étnica, histórica e social que perdurou mesmo depois da separação dos condados Portocallense e da Galliza.

No movemento de proximación com Portugal, cumpre pôr em destaque o estudo brilhante e conscientioso que na revista A NOSA TERRA vem fazendo da literatura portuguesa e des seus poetas e escritores como Junqueiro, Eça e Camillo, o notavel profesor Vicente Risco, que ultimamente escreveu mais um bello artigo de critica e analyse ao libro do eminent poeta Teixeira de Pascoaes, recente-

mente publicado e intitulado «Os poetas lusiadas».

Merecem, pois, ser conhecidas entre nós os sentimentos de affectiva solidariedade moral e social que tendem a unir a Galliza a Portugal.

Di o «Journal de Notícias», do Porto:

Galiza e a suas letras

(Os jogos florais luso-galicos)

Ha trinta anos, as esquinas das ruas das duas capitais da Republica eram ocupadas por grupos de mogos de fretes de origem galega, dando enseio a que o lapis de Bordalo Pinheiro, o inimitável caricaturista aproveitasse magnificamente o facso para as suas «charges» humorísticas.

Abundavam entao em Portugal os filhos da briosa regiao, fugidos, uns, ao servieio «al rey», e, outros, em busca da fortuna que a «terra» lhes negava. E aqueles homens de estatura mediana, robustos, de vigorosa musculatura, em geral morenos, sobrios, sofredores, incansaveis no trabalho, sem temor os rigores das estagões, joviais entre si, taciturnos, reservados e até desconfiados quando se encontravam entre pessoas estranhas ou de diferente posicão social, eram acolmados com o significado desprestigioso e humilhante de «Xuan de Vigo».

A massa inconsciente mosava delas e num injusto vocabulo de conceito injurioso «galego» jalgava demostrar que a terra donde provinhan eses homens laboriosos, era uma terra de ignorantes; e como de um momento para outro se viu diminuir dum modo sensacional o numero da colonia, acreditouse que foi devido ao epiteto grosseiro que se tinha afastado a sua emigración. Ignorou-se, porém, e por largo lapso de tempo, a verdadeira razao dessa ausencia, e nao pouca surpresa foi saber-se depois que a colonia galega tinha derivada a sua corrente emigratoria para as Repúblicas Argentina e Uruguaya, onde eram tratados com todos os respeitos e anferiam melhores proveitos. Mais tarde a imprensa fez-se eco das maravilhosas instituções por eles fundadas, tanto em Buenos Ayres, como em Montevideo e na Habana, onde a par de honrarem a España elevavam o nome da «terriña».

As excursões realizadas pelas tunas

académicas de Santiago e Corunha a Portugal, e as visitas das tunas académicas portuguesas a Galiza, vieram demonstrar o valor da regiao,

Ia-se pouco a pouco desfacendo a lenda de que o galego era o eterno «Xuan da pata redonda», de que a Galiza era una terra amaldiçoadas que só exportava maquinas bracals; chegou-se, por fim, ao convencimiento de que os galaicos eram estudiosos, sabendo reter o que una vez aprenderam, que aman modelarmente a terra que os viu nascer, e, saindo dela para tentar fortuna, so para elevarsem na esperanza de um dia poderem ser senhores do pedago da «terriña» em que viram a luz primeira...

E, desde entao, as esquinas das ruas das duas capitais da República estao ocupadas por mogos de fretes que ja não de origem galega.

Bem andou um escritor de renome em coroar a depreciada Galiza com o nome de Suisse Espanhola.

O nobilissimo solar da Iberia, perola encantadora da natureza, torrao gémeo do belo Portugal que o Minho com a sua linfa de cristal e as suas paisagens identes separa, é um trecho maravilloso da poesia e arte.

O portuguez que atravesse a ponte internacional e pela primeira vez entre na antiga «Tudae», (Tuy), fundada com os restos das ruinas de Troia, a antiga capital das sete provincias em que esteve dividido o antigo reino da Galiza encontra na sua frente a velha catedral cujo exterior se assemelha a uma antiga fortaleza, com a sua magnifica portada que olha para Oriente, verdadeira joia de arte ogival, construída no seculo XIV, e as igrejas pe S. Domingo e S. Francisco a celebre capela de S. Telmo, edificada sobre o proprio solar onde viveu o Santo, o paço episcopal de arcaica memoria e onde viveu o célebre Lucas de Tuy. E se se der ao bom gosto de percorrer os seus arrabores, verá com extase a extensa e feraz campina denominada a «Vega del Oro», regada pelo Louro, afluente do Minho, onde abundam saborosos salmões, savelas, lampreias, trutas e engutas; a linda «Oya» onde se encontra o suntuoso Mosteiro que pertenceceu a orde Cisterciense; «La Guardia», a romana Ostium Minu, formosa, vila onde se ostentam elegantes e modernos edificios; até que alcança a pequena mas vaidesa vila de «Porriños» que o Sella banha e lhe fertiliza a planicie em que assenta.

E enlevado neste panorama que lhe faz ver a continuación da sua patria, seguindo os vales amenos e productivos do partido de «Redondela», ao entrar na vila desde nome, defrontará com dos maníacos viadutos que cruzam a casaria da vila, onde se contam belos edificios como o Casino, o con-

vento das treiras, o Julgado de Instrução, as Escolas Públicas, o edifício dos correios e telegrafos, a praça, donde se divisam panoramas excelentes, muitas quintas e casas de recreio vendo-se ao fundo, e em frente da povoação, o lozareto de San Simón.

Continuando pela estrada de «Mós» ergue-se altaneiro o palacio pertença do Marquesado deste nome, hoje na posse do da Vega d'Armijo, e mais adiante ostenta-se donaireoso, em Sotomayor, o palacio deste nome, pertencente à família homónima, edificio modelo das moradas feudais, pois data do século 8.^o a historia desta família.

Junto ao castelo ve-se a «Pedra d'os riscos», com todos os caracteres dos monumentos megalíticos tão frequentes na Bretanha. Venna agora para Este e hui terá a «Vicus Spacorum» dos romanos, a mais moderna cidade da Galicia, de agradável aspecto comercial, coberta de edificios moderníssimos, com a sua bahia, reputada como maior da Europa, em virtude do que o Almirantado inglez declarou Vigo estação naval das escuadras britânicas.

No cume da colina Castro, dominando a ria e arredores, ergue-se o castelo do mesmo nome que se supõe existir desde a dominação romana embora modificada no reinado de Felipo V de Espanha. No declive da colina levanta-se o castelo de San Sebastián fortificado por uma muralha feita dum poligono irregular. Junto ao molhe da Lage deparara-se a bateria do mesmo nome;

Os seus arredores são lindíssimos, cobertos de preciosos parques e jardins, com quintas e casa de recreio, entre as quais merecem destacar-se as denominadas Arcosa, el Piñero, el Carmen, Vista-Alegre, Bela-Vista, Villa Eduardo, a casa do conde de Priegue etc.

Vigo é patria de grandes homens: D. Casto Méndez Núñez, unha das glórias da marinha espanhola; Manuel Martí, grande compositor, pianista eminente, pintor e platero; Miguel Caamaño, tesoureiro-mor de Reino; Francisco Lembito, critico e músico notável do século XVII; Fr. Antonio Sotomayor, Arcebispo e Inquisidor geral; Fr. Francisco Sotomayor, Bispo de Quito; Diego Sarmiento, Bispo de Oviedo; Luiz Sarmiento, Mordomo de Rainha Maria Ana d'Austria.

Euverede agora pela carretera de Bayona e ahí encontrará a céltica «Eri-zana», que Viriato asivon com o seu socorro de cair em poder de Servillano, com as suas asséadas ruas, lindas casas e jardim público, com a erje parroquia do século XIII, belo edificio románico digno de admiragao pelo seu pórtico sobre o qual se ve um de licado rosetão.

Bayona chegou a ser nos séculos XIV o XV a povoação mais rica da Galicia e uma das suas pragas mais fortes. Alem estam «Bouzas» de situagao pitoresca, patria do notável escritor sr. Isidoro Araujo de Lin «Gondomar», onde se ergue o palacio dos condes do mesmo título, tendo sido seu primeiro usufructuário Diego Sarmiento de Acuña, Embaixador de Espanha na França, Inglaterra e Alemanha no tempo dos Filipes. Velta-se agora para o norte e terá «Puente Caldelas» com seus mananciais d'água sulfúrosas e sódicas «Lumes», «Coto-vai», «Puente Sampayo», de brilhante historia, pois foi teatro da batalha que em 1809 os galegos sustentaram com os franceses.

E agora deixem para traz o desmantelado castelo de «Sobroso» que tras a memoria as garras dos Hernandines e as revolts suscitadas pelo famoso conde Pedro Madruga. Além aparece «Mondariz», a das águas milagrosas, e «Salvaterra», antiga praça forte, e hoje abandonada e reducida a uma velha muralha, terra do melhor vinho da regiao.

No meio das montanhas surge «Lalin», o antigo alcácer dos reis suevos e a pouca distancia mais a Abadia de Carboeiro» obrado século X, que teve suntuosidade e privilégios concedidos por reis e príncipes. Aquivem o Urmia. Siga-o e comtemple a fertilidade do formoso vale de Salnés. Veja «Santa María de Castrelo» onde passou a infância Alfonso VII, o Imperador. Atravesse «Carril» com o seu bom porto, e Sanjenjo», outra ora artilhado para atingir os piratas que faziam as suas investidas por aquelas costas e pare agora um pouco, já que chega a «Vilagarcía». Admire estas ruas limpas, estes bons edificios, estes elegantes chalets, o soberbo molhe de ferro de 180^o, os passeios formosos, os seus excelentes hoteis e freqüentados cafés.

Passeada a vila saia dela e observe o palacio da Vista alegre, edificio antigo e levantado pola nobilíssima familia gallega dos Moseusos, de que descendem os Camões, de Portugal. E mais alem, em sitio o mais pitoresco do vale de Salnés, admire o palacio dos senhores de «Rubianes», entre cujos ascendentes figuram o grande capitão Fernan Garcia Caamaño, que na conquista de Almeria alcançou o cognome de «valeroso y nunca rendido». A esta familia ilustre pertence o famoso poeta galego do século XIV, Vasco Pérez de Camões, ascendente do nosso grande épico dos «Lusíadas».

Continue para o Norte e deparará com a romana «Cuntis», com as suas termas famosas; «Catoira», com os seus dois torreões desmantelados ja conhecidos no século VIII e que a Misra de Santiago reforgou para conter

os normandos; «Caldas dos Reyes», a antiga «Aqua Celenæ», do itinerario de Antonio Augusto, com fama de ter sido berço de Alfonso XII e ter ali decorrido a educação de ele sob a tutela do famoso conde de Trava; «Maria», com um bon fundeadouro e espaçoso molhe onde tocam os vapores xa «Messageries» que fazem a carreira do Pacífico; «Poys», com a sua comunidade de religiosos, residencia na idade visigótica de S. Frutuoso de Braga; a céltica «Cangas», antiga «Clunania», com as suas fábricas de conserva; «Bueu», com uma formosa campina; e para termo da primeira etapa lanes os seus olhos demoradamente sobre o formoso vale banhado pelo Lérez, sobre o qual ha uma soberba ponte de pedra de doze arcos e outra de madeira que o levam ate a garrida «Helenes» que Tenero fundou.

Aqui tem «Pontevedra», com as suas espaçosas pragas, edificios notáveis e modernos, preciosos passeios, com o seu teatro e Casa Consistorial, e palacio da província, suntuosas igrejas, mercado modelar, Escolas Normais, palacio da justica, sucursal do Banco de Espanha, cidade movimentada e de sociedade intelectual com quem se pode manter relações.

Aquí nacerom Pavo e harino, o audacioso almirante que ajudou a conquista de Sevilha, o almirante Alfonso Jofre de Tenorio, ajudante de Alfonso XI, Payo de Sotomayor, marechal de Castela, Pedro Sarmento de Gamboa, marinheiro, audaz que atravesou o estreito de Magalhães com a proa voltada para o nosso hemisfério, Bartolomé e Esteban Nodal, conhecidos polos «Nodales», que fixeram o roteiro dos estreitos de Magalhães; Gregorio Fernández, grande escultor do século XVII, Fr. Martin Sarmento, eruditó escritor, o Bispo Manrinko de Avila, o notável jurisconsulto López de Mentrenero, o general Conde de Macella, o marqués de Castela. D. Ramón Patiño, capitão general dos exércitos. D. Sebastião Malvar y Pintos arcebispo de Santiago e de muitos outros filhos ilustres d'esta terra digna

CERVAÑE Y RODRIGUEZ.

(Continua)

Lea vostede

"A NOSA TERRA"

HISTORIA DOS MOVIMENTOS NACIONALISTAS

IRLANDA

III

A emancipación dos católicos.—Daniel O'Connell.—A nova Irlanda.—Insurrección do 1848.

Para que os católicos irlandeses aceptaran a unión, Pitt prometeu-lles que, unha vez feita a unión, ceibarios, e decir, que donaria-lles a prenitude dos seus direitos civís e políticos, e poñería na Irlanda a igualdade religiosa. Contando con esto, os cregos católicos da Irlanda favoreceron a *Unión Act*. A promesa non tuvo cumprimento, coa excusa de que o rei Jorge opoñía-se en absoluto.

Victimas d'un novo engaño, os católicos irlandeses promoveron unha fonda revolta, e a situación da illa agravouse de modo ameazadore. O goberno de Londres respondeu con medidas de gran severidade; desde o 1800 até o 1829, o Palamento inglés votou leises de represión.

N-aquela época apareceu na política irlandesa a figura de Daniel O'Connell. Este tiña vinte e tres anos cuando foi promulgada a *Unión Act*. E ao ouzar un día que as campanas da catedral do San Patricio de Dublin repicaban na celebración da unión a Inglaterra, avergonzouse da escravitude nacional e jurou adicar o seu esforzo á redención da patria. Abogado de grande sona, orador elocuente, espírito batalladore, O'Connell fixo seguir tras de sí ao pobo irlandés na campaña que promoveu. A causa da sua acción conquistante e resoluta, foi un feito, no 1830, o ceibamento dos católicos. Conquerida esta victoria, o gran patriota fixo unha nova campaña para derrubar a *Unión Act*. A influenza do O'Connell foi inmensa; o pobo adoraba-o e chamáballe «O libertadore», todos estaban dispostos a obedecel-o a ollos pechados á primeira verba que ceibara.

O'Connell fixo na Irlanda unha agitación intensa por medio de xuntanzas a campo aberto. Nestas xuntanzas as suas condicións de predicadore chegaban ao máximo. O pobo irlandés coidou que todas aquelas xuntanzas eran e comenzou d-un erguemento armado.

E en todas partes agardabase con fe cega que O'Connell dera o berro de loita. Mas houbo n-esto un erro dôroso. Na realidade O'Connell non quería chegar a forza. Coidaba que o erguemento legal da Irlanda abondaría para trunfar. Era enemigo, por condición, das loitas crueles, pol-as que tiña un verdadeiro horrore de cuáker. Moitas veces tiña dito que «ningunha causa humana é digna de que se vertan por ela unha sola pingueira de sangue».

Os irlandeses coidaron que era chegada a hora da revolta con motivo do que aconteceu nun meeting convocado en Clontarf o 8 de Outono do 1843. O vi-rei da Irlanda tiña prohibida a xuntanza, e os patriotas estaban decididos a celebraren a xuntanza e a loitar contra as tropas que mandaron pra desfacel-a. A agitación chegou ao punto. E cando os partidarios de O'Connell agardaban a orden d-él pra facer a xuntanza en Clontarf, costase o que costase, recibiron unha proclama sua aconsellando obedecesen as órdens do Vi-rei, que deixaran de facer a xuntanza e que vlotaran cada un para sua casa. A proclama caeu como unha bomba. Foi atendida; mas o prestigio e a popularidade de O'Connell sofriron un golpe de morte. Gran parte dos mozos patriotas arreda-

ronse a unha veira e fundaron despois o partido da *Young Ireland* (Mocedade da IRLANDA).

O'Connell foi encarcelado, juzgado e condenado. A cámara dos Lores casou a sentenza e o gran patriota quedou ceibe. Pero perdeu para sempre a confianza do seu pobo, que tiña-o por cobarde. Sintíndose gravemente enfermo, quixo morrer en Roma. Mas non pudo chegar á cibdade dos Papas. En Génova agravouse e aló morreu, no ano 1847.

Os partidarios dos procedimentos de violencia aumentaban na Irlanda. Moitos patriotas declarabanse abertamente pol-o Partido da FORZA FÍSICA. A angustia do país medrou a causa da fame que atraxesou no 1843. Morrerón moitos centos de milhares de irlandeses, entre eles 370.000 nenos. Emigraron centos de milhares de irlandeses. N-aquel tempo empezou a despoboación da Illa. Algunxs coidaban que a terrible fame era debida ao caros que estaban os alimentos e á perda da colleita das patatas. Pero outros votaban-lle a culpa ao régimen agrario, á enorme renda que os agricultores tiñan que pagar ao *land lord* a que zugaba todo o producto da terra.

Na «Mocedade Irlandesa» fixéronse doux camiños. Uns, como O'Brien, sin reprobar en absoluto o facer uso da forza, sómente querían acudir a ela no derradeiro extremo e despois de longa preparación. Outras como Meagher e Mitchel, eran partidarios d-unha solución d-agüña. Os primeiros tiñan un boletiu «NATION» e os outros o «United Irish man», que comenzou a publicarse no mes de Janeiro do 1848 e chamou aos irlandeses ás armas. N-este boletín, Mitchel escrebia que era mellor morrer pol-as baionetas da Inglaterra que baixo as suas leises.

A revolución que estalou en moitos puntos da illa escitou ainda mais aos irlandeses, e estes sublevaron toda Inglaterra.

O movemento fracasou. Algunxs dos seus caudillos foron enforcados. Outros condenados a morte. Despois trocaron-lles a morte pol-a pena de deportación perpetua.

DA CULTURA IRMÁ

LEONARDO DE COIMBRA

O filósofo portugués d'oeje mais importante é Leonardo de Coimbra. Nasceu este distinto pensador o 30 de Decembro de 1883 na pitoresca aldea de Lixa perto de Amarante frente á serranía de Marao. (E pois da terra do gran poeta «saudosista» Teixeira de Pascoaes que mora en Amarante mesmo). Fixo os seus estudos nun colegio de Penafiel e despois nas Universidades de Coimbra e Porto. Foi ministro de Instrucción nun período agitado da vida política do seu país e fixo daquela a reforma actual do ensino primario e do ensino da Filosofía nas Universidades portuguesas.

A sua obra filosófica compon-se, alén d'artigos e conferencias espalladas pol-as revistas, dos seguintes volumes: «O Criacionismo» (Esgotado) «O Pensamento criacionista», «A Morte», «A Alegría, a Dó e a Graça», «A Luta pela Immortalidade». Seu estilo é mui portugués, ele-

gante e lírico, de tal xeito que os seus libros lénse sempre con facilidade e verdadeiro pracer literario; cousa estrana nun filósofo especulativo e metafísico.

A Filosofia actual teno como as suas caraceticas: o interese pola vida do espírito ou psicológico, a tendencia metafísica, o entender a realidade como producción ou criacion. Por isto é hoje o francés Bergson o filósofo mais representativo. En Leonardo de Coimbra hachamos estas notas cunha verdadeira realidade. A realidade é p'ra el, consciencia, espírito, pois como o proban moitos experimentos psicopatológicos, «todo é, foi ou pode ser consciencia». A consciencia é pensamento polo que a realidade é pensamento. Mas esta realidade e iste pensamento (que tanto ten unha cousa como a outra) son producción, criación eterna. Eis o punto de vista do «criacionismo». Certamente criación que deixa tras d'ela a obra da natureza e do espírito: a ciencia, a arte, a moral e a religión e que camiña para a «consciencia» e para a «memoria». Mais a realidade é tamén comunión na producción. O Universo é solidario: «un campo de consciencia onde conviven e penetran consciencias, ou seja: A consciencia das subconsciencias socializadas, os seres socializados en Deus». Na religión expresa se esta solidaridade pois sempre no fondo é: «eterna e infinita convivencia amorosa».

O noso espírito filosófico, ainda por desenvolver, está ben perto do espírito filosófico de Portugal que convén tanto coñecer aos galegos. Eu recoméndo-lles a leitura das obras de Leonardo de Coimbra.

JOHAN VIQUEIRA.

Professor de Filosofía.

DECÁTENSE OS GALEGOS QUE ESCRIBEN EN CASTELÁN

Escoita, tí, literato rico e vanidoso...

Cando negas capacidade literaria ó galego negas a tua propia capacidade literaria. Cando dis que non-o sabes, eu entendo que non tes talento d'abondo pra escribir-o.

Calquera cristián que non sexa mesmamente unha besta ferrada pode faguer literatura castelán pra que chamen «brillante» ou ainda «insigne». Calquer bachiller pode chegar a «insigne literato», sorvindonos unha literatura que sabe a cocido, e se o bachiller é un cursi pode chegar a «brillante», servindonos unha literatura que sabe a merengue. Eu castelán hay modelos e ainda métodos d'abondo pra fabricar literatura. Por iso ti escribes en castelán.

Escribindo en galego xa non é o mesmo. Quén queira faguer literatura galega ten que sacala do seu miolo. En galego hay moito que faguer e pouco que roubar. Por iso ti non escribes en galego.

Eu quixera que ti escribises unha soya ves en galego, pondo na proba tod'o talento que tés. E ollarias como seria ruin a tua literatura galega. Ista proba ha seré pra que medites, dispois, se hay algunha orixinalidade na tua literatura castelán e notarás arrepiado que de certo non és literato, que o que de certo é ladrón, falsificador ou fabricante de literatura. Fai a proba e veral-o.

Se verdadeiramente foses literato poderías amostrarnos a tua orixinalidade galega mellor qu'en castelán, porque non é probábel que o teu xenio coincidise co dalgún dos contados escritores galegos; mais en troques poderías ter a desgracia de coincidir con algúns castelans que che pillaron a dianteira. O idioma galego, qu'é vivo porque o fala o pobo, ofrece ós homes de verdadeiro talento unhas riquezas que xa non ten o castelán; pero pide un esforzo que ti non portes faguer.

Un home verdadeiramente artista, que non pense no rendimento económico do seu traballo, escollería o galego pra ter estatua dispois de morto. Ti és rico e vanidoso e non escribes en galego pra amostraras a tua falla de talento. Escribes en castelán porque non tés talento.

O devandito vai pranteado no terreo en que tí podes enxerguer, pois as razóns d'escribir en galego son outras.

E digoche todo iso eu, porque son dibuxante e non literato.

Que te regalas cos loureiros e xa sabes que a min... ¡plim!

CASTELAO

O inri da políteca hespánola

Nós, desde estas columnas e tamén desde a tribuna pública, temos falado moitas veces do vergonoso que resulta que sigan sendo aqués mesmos que levaron a Hespaña ó desastre quenes continúen sostendo nas máns o goberno ou des-goberno do país. En ningures dóuse endexamais un caso somellante. Non hai ningún Estado no mundo onde socedera o que aquí socede. Foi a política da Restauración, a política noxenta do turno, a que trouxo a Hespaña ó xeito de fonda desfeita en que se hacha. E cando surdia a esperanza n'algús peitos de que as cousas trocaran o vello rumbo, el Rei dalle a Dato o decreto de disolución de Cortes, sin xiquer consultare pri-

meiramente ós primates da política como era uso e costume.

Dato, facerá, pois, unhas novas eleccións. Voltará, si lle peta, a pór alcaldes de Real Orden; Bugallal, o gran cacique galego, abusará das suas mañas de muñidor sen escrúulos, as garantias constitucionais seguirán suspendidas, os xornás sofrirán denuncias constantes, e os patrioteiros berrarán, como de cote, ¡viva España!

Non queren a Dato, nem os liberales, nem os mauristas, nem os ciervistas; non-o queren tam poco os reformistas; os socialistas e sindicalistas xuntáranse xa enantes do que o «guardaguillas honorario» conseguira o decreto de disolución de Cortes, para combatil-a sua política cattiva e rastreira. A opinión enteira, ademáis de todas estas organizacións nomeadas, está contra o actual xefe do Goberno.

Con todo, Dato áchase no Poder. I-elo resulta inda mais grave que un verdadeiro golpe de Estado. Imponno el Rey. ¿E por qué? Cabería dicire qu'el Rey desexa un troque de Réxime e que, como ningún s'atreve a loitar por trague-lo, él — mais patriota que todolos políticos — inda espóndose a perdel-a coroa c'o seu xeito, da pe para facer unha revolución.

E se así non é, que non coide que o poder moderador fracasou definitivamente, a non se emendar camiño, nem pode ser home cidadán e digno, nem merez otra cousa que a cadea da es-cravitude.

Non é posibel que Hespaña chegue a menos do que chegou xa. Se sigue soportando a Dato i-a taifa de noxentos caciques que á sua soma medran; se non reaciona e s'ergue barilmente contra do político bufo servidor das Compañías ferroviarias e devoto dos Monopolios, habrá que predicar a berros o «sálvase quien poida», porque a ignomia i-a vileza de todos entón fíaría de manifesto.

Dato, no Goberno; Dato facendo eleccións en frente da vontade enteira dos países hispanos é unha bulra i-unha provocación, tan estrana como inespicable, que debe custarlle caro a quem a fixó.

Dato no Poder, é o fracaso do orde, da autoridá, do sentido común, da cidadanía, de todo... Dato no Poder, salvando á toureira a vontade dos hespánios, c'o cetro por garrocha, é o inri que nos faltaba.

Para combatir esta vergoña c'oa enerxía debida, contén con nosco os nazionalistas galegos-cantos, señan do bando que queiran, ergan ban,

Á millore porpaganda

Moi poucos son os alumeados pol-as luces da verdade, empisoro de qu'istas luces alumean por igual a todos. Reducidísimo é o número dos que saben aprezal-os feitos en toda a sua ispidez, sen deixárense engaiolaren pol-as coberturas e adobios que os deforman, orixinando a formazón de conocimentos falsos e trabucados. Lindeirado é o marxeñ dos que, fagunéndose cegos pra todo o que non sexa a verdade, soio pra ela saben despachal-os ollos. Isto eisprica a razón de tantas anomalias e arbitrariedades como a coticie ocurren; a causa do trunfar, cásque cotidiano, da inxustzia e do erro; o imperio, pouco menos que seguro e inconmovivel da mentira e da falsehoode.

E non é que iste escurecemento das luces da verdade soio teña lugare en relazón cós feitos trascendentés, significados, de maior outura da vida. Por debaixo d'eles latexa un sen fin de pormenores crarísimos; todo un mundo de detalles cuia craridade é deslumeadora, detalles que, pese á sua condición de tales, non acaban de seren comprendidos pol-as xentes que, cegas, distraidas ou iñorantes, fitan o seu desfile ateigadas de indiferenza e de mutismo.

De iste orden de feitos a que aludimos son todolos que fan referencia ó noso problema nazionalista. As razóns que se adoitan e aduciren en defensa do noso preito son tan sinxelas e asequibres a todolos maxins por rudimentarios e simpres que istos sexan, que non pode menos de abraire como unha vez eispostas, e ainda sen eisposizón, pol-a sua propia forza, cō soio conocimento instantivo das mesmas, non fan labore proselitista de un xeito eispostáneo e natural. Mais a realidade amostra que non é eisí. Verdades crarísimas e feitos de un realismo esmagante pasan sen comprensión por diante das nosas xentes. Todolos aldraxes que os países casteláns viñeron ceibando e ainda siguen ceibando dende fai tanto tempo — ¡Xa hai séculos! — encoll de nós; todolos inxustizas con que un réximen de desigualdades e de privilexos alritantes nos favorecen; o sen número de despojos e de asoballamentos de que nos fixo ouxeto o réximen unitarista e centralizador, que os malfadados Reis Católicos inaugurarón en hora funesta, isto e moiito más vén sendo iñorado pol-a maioría dos cibdadáns galegos que se non enteiran de nada, ou fan por non enteirárense, dominados i-escravizados como están pol-o infruxo pezoñento e nunca bsn maldito de abondo do espírito castelán.

E sendo isto como é, tristemente certo, e, por certo e seguro, desconcertante ¿qué facer pra despertare o sentimento da raza e da patria na lexión immensa de compatriotas que, xordos a todolos chamamentos, cegos pra todolos verdades por craras qu'elas sexan, e indiferentes pra todo e cásque ainda pra aquello que mais de preto toca ó propio decoro e á propia vergoña, veñen vivindo axionlladas prestándolle a sua conformidade de ovellas mansas e sen asentimento á hexemonia denigrante, in-civil, bárbara e africana d'unhas terras cuio xuriso definitivo fixo un sabio alemán, o Dr. Schulten, esculcadore das ruínas de Numancia, cando dixo n-un artigo sen que arelaba que a «nosá xeira contemporánea» o que non abrangueron a ollaren os cartaxineses, os románs, os godos e os árabes: a colonizazón da outa planicie castelán, o seu arredamento do Africa e a súa xuntanza a Europa».

Todolos porpagandas son boas, eiscelentes, mais a sua maiore ou menore eficenza depende do grado de sensibilidade e de propia estima, de aprezo do decoro persoal, íntimo, a que as xentes, colectiva e individualmente, houbesen chegado. Por iso toda porpaganda no-



sa que teña como médula un eiscesivo doctrinarismo, unha ideoloxía complicada e, polo mesmo, soiamente abrangüibel ós preparados, ten de feito que vire condenada á esterilidade e ó valeiro. Isto dimpois de todo é moi natural. Con rara eisceuzóns poucos, moi poucos, contadísimos, son os individuos que non pertenecen a esa causa amorfa, sen substancia, que se chama o vulgo, e como n-ela se hacha a canteira que ten de proporzonar os elementos pra nutril-as nosas fías, coa ollada posta n-ela se deben facel-as nosas porpagandas. Porpagandas nas que destaque e sobresalla por encol de todo a sinxeleza, a crariedade, o afan vulgarizadore que, achaendo dificultades, poña as doctrinas constituentes do noso credo ó nivel das intelixencias menos cultivadas e, polo mesmo, menos preparadas.

Agora ben, unha porpaganda feita a base da divulgación dos aldraxes, os alcumes, os despoxos e as ofensas que de xeito sistemático se viñeron ceibando dia tras día, dende fai cinco séculos, encol de nós, dos galegos, sería a millor porpaganda que puidera facérrese. Ela tería a virtude d'eiscitare a xenreira das xentes pouco capacitadas pra comprehendere outros e sereos ideaes; e como nos grandes odios latexan grandes amores, da xenreira nascida tería de xurdire forzosamente, ineludivelmente, o grande amore á patria en que fumos nados, único i-eisclusivo determinante de todo movemento nazonalista, palixenésico e salvador.

POEMAS DE NENOS

O NENO É ASÍ...

Si o neno quixerá, podía voar no ceo en calquer instante. Mas por algo non vai. ¡Gusta-lle tanto deixar a sua cabezina nos xoenlos de sua nai, e miral-a e miral-a sin acougo!

Sabe un fato de verbas maravillo-sas. Mais como son tan poucos os que n-este mundo entenden o que di o neno, nunca quiere falar. O que arella e deprender verbas dos labios da nai. ¡Así pon esa cariña tan inocente!

Tiña unha muren de ouro e pelras finas, e reu a esta vida como un esforçado.

¡Esforçado! spido que fai-se o probe pra pedirlle a sua nai o tesouro do seu amore!

¿Por qué sacrificou a sua libertade si estaba tan agusto na terra da tua crecente? ¡Ai! ¡él sabe ben o goce eterno que ten no ucocharse no corazón da sua nai, e canto más dóce que a sua libertade é sentirse preso entre os brazos amados!

Denantes vivia no mundo da ledicia eterna, e non sabia chorar. Mais quixo as bágoas, porque si, co seu sorrir, gñaba o corazón da sua nai, seus labios por calquera pena que texe un dobre lazo de amore e piedade.

RABINDRANATH TAGORE.

Unha autuazón d'iste xeito, ben ordenada, sen solución de continuidade, feita en foliñas e folletos espallados a eito e con tenacidade e firmeza inconmoviveis, ten de donare mais froito que toda autuazón de outro xénero. E si a ela se engade o compremento natural das outras porpagandas—o mitin, teatro, o libro, etc.—cuia importanza nós non podemos negar, de aquela o noso camiñar pol-as vías do éxito sería algo abraiente que tería de pôrmos mais preto do taunfo do que os nosos enemigos e ainda moitos dos nosos amigos coidan.

Escomecemos, pois, a tarefa da divulgación dos feitos cometidos contra de Galicia, do bon nome seu e dos seus fillos, o mais axiña posibel. Espallemos ós catro ventos, antre todos os galegos, a ringuileira inacavavel de agravios e perxucios que as terras irtas nos causaron, dende que se escomenzou a unidade da morte; donemos n-unha verba, estado público o sen fin de asoballamentos que hoxe tan soio son conocidos de unhos poucos, i-eisi adiantaremos a toda presa no noso camiño, abranguen-do en pouco tempo longanzas que, de outro xeito, tardaremos ainda moito en abranguermos. Mais pra elo hai denantes que resolvete un problema, o que repersenta a falla de unha Editorial galeguista, editorial que soio agarda pra sere un feito tanxible que antre nós se vaia forxando a vontade de querer...

RAMÓN VILLAR PONTE.

Peneirando

Temos lido nos xornais: «El Ministro de Fomento, Sr. Espada, ha concedido 20,000 pesetas a la villa de Verín, con destino al asfaltado de la travesía de su nombre.»

Esto chámase honrarse un así mismo.

Todo o que conquieren os politiquinhos galegos, sou cousa de somellante xeito. Verdadeiros furtos á Facenda. Xa que os concellos teñen obriga de se preocuparen de tais cousas,

Esos catro mil pesos; uno virian millor para axuda da crezón d'un centro cultural galego; unha escola musical, unha escola agrícola ou de pesca?

As rececions académicas de Mondariz mostraron un bó síntoma.

Que xa fican arredados de todo xeito galeguista, sin que ningúense zembre d'elles, o Pérez Balán, Xaimiño, Picoret e demás castelanistas alforxados coa caxeta rexionaleira.

Pasou o tempo no que inda servían para comparsas somellantes percebes.

Na «Concordia» e no «Faro de Vigo», mallaron no analfabeto e flamenguista «Don Pio» por haberrido a ousadia este desgraciado de publicar na «Libertad» de Madrid un artigo de despeito e de d'envexa contra a Academia Galega, Rey Soto, Cabanillas e Peinador, xa que non o convidaron para as festas que houbo en Mondariz.

«El Noroeste» da Cruña doulle tamén uns paus fortes e magoadores.

«Don Pio» nou fai feira na nosa Terra.

metáforas e lugares comunes retóricos, falan mal do noso irmán Castelao.

Ibamos pillarlle a chea de burradas e contradiccions que s'achan xuntas no artigo que extrautamos no penúltimo número d'este boletín.

Mas coidamos oportuno non voltar a falarmos d'el.

Nas Pampas téñenno por un cativeiro escritor hospital e aquí temolo por un ruin escritor das Pampas.

¡Probiño!

Quen estivo célebre foi Barreirito o da «Voz de Galicia», orgo do marques do Espliego.

N'un artigo burdo, como surció de media vella, estrevese a censurar os xemias dibuxos que Castelao espuxo, primeiro na Cruña e despois en Madri.

Di que o grande humorista gallego fai traballo de latiguillo, para se vingare de lle derribisen o piorno de seu paí. Como se Castelao non tivera feito as suas cartulinas enantes de que o estúpido Vitorro cometese a bárbara agresión contra do noso irmán. Os que pensan c' o estómago...

A quienes censura Barreirito o cobarde, sen decatarse, e a Sotomayor, Llorens, Palacios, Flórez, etc. xa que eles foron os que levaron a Madri a exposición de Castelao.

Por certo qu'elle fixo ó raiado xornalista, escravo dos caciques da Cruña, un mal servizo Xaimiño reproduciendo na sua revista o artigo qu'el coidaba que ninguén lería no Diarió Español de Bos Aires a onde o mandou primeiro e foi insertado.

«El Pueblo» de Pontevedra, mallou en Xaimiño, porque éste imbecil atrevéuse a decir que a saudade era un mal.

«El Pueblo», di que, Xaimiño: non tan de galego mais que a partida de nacemento. E de pollino tod'o o demás.

O parvo Costa Figueiras, viaxante en

LA PROVEEDORA GALLEGA

DE

Xuan Vázquez Pereiro

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua estreita de San Andrés.—A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todolos días unha canca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballados sin sentir o mais cativeiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fanse cos melhores produtos: a limpeza máis esquisita.

PROBÁDEOS E CONVENCERÉDES VOS

Os viños e coñás melhores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez Fron-teira, fundada en 1734. A casa mais antiga de Xerez.

O vermouth mais selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

Pra viños de mesa

non hay outros com'ós dos cosecheiros eisportadores señores K. LOPEZ DE HEREDIA (Haro) Casa central: Plaza da Equitativa.—MADRID.

Representante eisclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSE C. JUNCOSA

Galera, 39 e 41-2.º piso.—A CRUÑA

“PATENTE-SALVAVIDAS”

O millor pra pintar os fondos dos barcos. Ganou Diploma de Honore, Gran premio e medalla d'ouro nas Exposiciós de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell

Vigo - Cruña.

Materiales de construcción

CEMENTO ASLAND

MADEIRAS—CARBÓN

CENTRO XENERAL DE SEGUROS

Ignacio Pedregal

NA CRUÑA

NOVELTY

PLANCHADEIRO DE MODA
GRANDES TALLERES

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centraes—A Cruña, Cantón Pequeno, 12; Vigo: Praza da Constitución, 12.

Sucursaes na Cruña.—Estreita de San Andrés, 12; Praza de Ázcarra, 4; San Agustín, 22.

Sucursal en Vigo.—Circo núm. 5.

Todas as nosas sucursaes ostentan un letreiro como sinal, qu'é reproduzon da marca de garantía eiqui estampada.

Recibense encárregos de fora, y-espídense por medio das nosas sucursaes. Si no lugar onde vostede reside non-a hay, sirvase manifestarnos seus deseños de mandárenos os seus encárregos.

PAULINO FREIRE

BOUZAS — VIGO

SUCURSAES: CRUÑA - FRROL

Redes d'algodón pra Tarrafa.

Aparellos, armados e en panos, pra barcos pesqueiros.

Malletas de abacá e cáñamo alquitranado.

Cables de aceiro inglese.

Aceites mineraes e vexetaes, e surtido completo pra maquinaria e pesca.

Santa Lucía, 26 e 28. — A CRUÑA

O CAFÉ NOVO

Urzáiz II.—BAYONA.

LA MODERNISTA

GRAN SALÓN DE BARBERÍA

— DE —

RAMOS E ACEA

San Andrés, 94-1.º — A CRUÑA

Estabrécimiento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todolos aparatos higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza locios e fríciós de todas clases.

NOTA: N'este estabrécimiento atopara o púbrico un servicio permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das más importantes peluquerías desta capital.

Fábrica mecánica de calzado

— DE —

Anxel Senra

RÚA XAN FLOREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA



COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE
SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

PROXIMAS SAÍDAS PRA HABANA E VERACRUZ

Prezos do pasaxe (incruídos impostos)

		Habana	Veracruz
Pirmeira crase.	Ponte de paseo:		
	Camarotes de luxo . . .	Ptas. 2.053'75	2.138'75
	Id. esteriores . . .	" 1.668'75	1.753'45
	Ponte superior:		
	Camarotes esteriores . . .	" 1.498'75	1.593'75
	Id. interiores . . .	" 1.293'75	1.378'75
	Ponte inferior . . .	" 1.295'75	1.378'75
Segunda crase . . .		" 1.103'75	1.088'75
Preferencia . . .		" 808'60	798'60
TERCEIRA CRASE . . .		" 328'60	343'60

O dia fixo de saída anunciarase oportunamente

O pasaxeiro que desexe embarcar tem de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastha que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza. Os emigrantes e todos os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Pra toda das d'informes sóbor das datas de saída, prezos do pasaxe e tipo de flete, dirixirse o seu Consinatario

D. NICANDRO FARÍÑ

Rúa de Compostela, esquina a Praza de Lugo.



Compañía Chargeurs Reunis

Pra os portos de PERNAMBUCO, RIO JANEIRO, SANTOS, MONTEVIDEO e BOS AIRES.

Proximas saidas por acretados vapores correios a gran velocidade.

Admite pasaxeiros de cámara e 3.ª crase.

Prezo do boleto de TERCEIRA CRASE Pesetas 422'10.—Nenos mais novos de douos anos, un gratis por familia. De douos a 5 anos, pagan cuarto pasaxe. Maiores de 5 anos, mediopasaxe. E arriba 10 anos pasaxe enteiro.

NOTAS INTERESANTES.—As mulleres que levan nenos que non chegan aos 10 anos, chamadas polos seus maridos, non poden embarcarem pra BOS AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO DE EMIGRACION de BOS-AIRES, permitindolle o desembarco na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algunha, as cartas de chamada, autorizacions, nin poderes ante os Cónsules hispánicos.

As mulleres que se atopen nestas condicions e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamen teñen que presentar o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vayan acompañados da sua familia.

O dia da saída anunciarase con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída do vapor.

Pra informes dirixirse aos Axentes Xenerais en España.

ANTONIO CONDE (Fillos).—Praza d'Ourense, 2.—A CRUÑA.



COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Saida do porto da Cruña para Bahía, Rio de Janeiro, Santos, Montevideo e Ros-Aires

O dia 25 de Outono saira da Cruña o paquete correo

GAROMNA

de 10.000 toneladas, admitindo carga e pasaxeiros.

	Pernambuco	Bahía	Río Janeiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase . . . Ptas.	1.215'90		1.506'90	1.555'40	1.700'90	1.749'40
En segunda crase . . . "	894'95		967'70	991'95	1.064,70	1.113'25
En segunda intermedia . . . "	690'60		690'60	690'60	690'60	690'60

Prezo do pasaxe en 3.ª crase a Brasil, Montevideo y Bos-Aires, (incruídos impostos) **Pesetas 422'10**

Para mais informes dirixirse aos seus consinatarios:

ANTONIO CONDE (Fillos).—Praza d'Ourense, 2.—A CRUÑA.